

## SOLICITANTES DE BOLSA

Os alumnos que cursen **GRAO PROFESIONAL** poden solicitar unha das bolsas do Ministerio de Educación para o estudo. A cuantía a conceder terá distintos compoñentes, en función dos requisitos e circunstancias do solicitante determinados na convocatoria que sae publicada no BOE todos os veráns. En todo caso inclúe a matrícula.

### **PASOS PARA SOLICITAR A BOLSA**

#### **1.- Realizar a solicitude.**

A solicitude realízase na páxina do ministerio de educación: [www.educacionyfp.gob.es](http://www.educacionyfp.gob.es) mediante formulario on-line. O prazo aínda está por confirmar (habitualmente entre os meses de agosto e setembro).

*Se é a primeira vez que solicitas bolsa ten en conta que DEBERÁS REXISTRARTE previamente na Sede Electrónica do Ministerio). Recorda os seguintes pasos:*

- *REXISTRARTE na Sede Electrónica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. (o rexistro debe ser co nome e DNI do alumno).*
- *CONSERVAR O USUARIO E O CONTRASINAL que che serán solicitados para calquer relación electrónica posterior coa Sede e, en particular, para a solicitude da bolsa.*
- *CUMPRIMENTAR O FORMULARIO correspondente á solicitude de bolsa cando se abra o prazo de presentación dacordo coa publicación no Boletín Oficial do Estado.*

#### **2.- Entregar o resguardo da solicitude antes do 15 de outubro.**

Unha vez solicitada a bolsa vía telemática imprimírase unha copia do resguardo da solicitude de bolsa e entregárase no centro (tamén pode remitirse vía e-mail a [cmus.pontevedra@edu.xunta.es](mailto:cmus.pontevedra@edu.xunta.es)).

#### **3.-Entregar o xustificante da concesión da bolsa antes do 15 de abril (ou pago da matrícula).**

Ao longo do curso o ministerio irá resolvendo as solicitudes. O alumno poderá consultar a situación do procedemento na sede electrónica (á que accederá co seu usuario e contrasinal). Na sección de “notificacións” recibirá a resolución da bolsa.

Unha vez resolta deberán entregar no centro o xustificante da concesión da bolsa. Se a resolución é negativa o alumno deberá facer o pago da matrícula no menor prazo posible (\*).

Aqueles que pagaran a matrícula e despois se lles concedera unha bolsa de estudos, poderán solicitar a devolución do importe de matrícula na secretaría do centro.

(\* ) IMPORTANTE

No caso de non resultar beneficiario, deberá aboar os prezos correspondentes á matrícula xunto cos xuros de demora correspondentes (calculados dende o último día do prazo de matrícula ata a data da publicación da resolución das bolsas).